FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

DEPORTE GALEGO XUNTA DE GALICIA

# ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 19.12.2019

Nas dependencias da Federación Galega de Baloncesto en Santiago, reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 19.12.19 baixo a Presidencia de D. Alberte Zato y Gómez de Liaño e actuando como Secretaria a que o é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza; coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.- Aprobación do Orzamento 2020

Abre a sesión o Vicepresidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.30 horas. E informa que o Presidente está de baixa médica polo que presidirá a reunión a súa persoa. Agradece a todos os presentes a súa participación dada a climatoloxía deste día , e pase ao primeiro punto na orde do día.

## 1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 14 asembleístas. Informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

Tamén informa que, en cumprimento do Artigo 61 apartado 4 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas terán que aprobar en asemblea e durante o derradeiro trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

## 2. Aprobación do Orzamento 2019

A secretaria informa sobre un escrito presentado por D. Enrique Alvarez-Ossorio, pásase a lectura do mesmo (xúntase como anexo 1 nesta acta). E respóndelle a Secretaria que, consultado o gabinete xurídico da federación, os orzamentos non se poden "impugnar", apróbanse ou non según o determine a asemblea e se queren ser impugnados deberá iniciar un procedemento xudicial. O orzamento o presenta o tesoreiro a xunta directiva e esta a comisión delegada e logo a asemblea para a súa aprobación. En ningún momento a xunta directiva vai retirar o orzamento 2020. Os orzamentos están remitidos con dez díxitos tal e como se comprometeu o anterior tesoreiro eo presidente.

O vicepresidente toma a palabra e agradece a D. Enrique Alvarez preocupárase de enviar esta mostra de como entende que se deben presentar os orzamentos, pero a xunta directiva entenden que o formato enviado é a mellor forma para presentalos. De todas formas e a pesar de non haber ningunha enmenda os mesmos, se alguén ten algunha pregunta, está aquí o tesoreiro para resolvela.

O Sr. Alvarez-Ossorio, solicita que se presenten os orzamentos tal e como se quedou na anterior asemblea a dez dixitos e desenrolando os temas. A secretaria indícalle que o acordo da asemblea foi a dez díxitos e en base as partidas que estimaron o tesoreiro e a xunta directiva, non se van a presentar 150 contas desenroladas.



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO SALIDA
Nº 9260-19
Fecha 30/12/2019
Dpto. SECRETARIA

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO SALIDA
Nº
Fecha 30/12/2019
Dpto. SECRETARIA

O Tesoureiro indica que o orzamento se fai en base a un esquema resumido que en su día solicitou a secretaría xeral para o deporte, e logo se envía aos asembleístas a 10 dixitos.

O Sr. Alvarez Ossorio indica que as contas non están desglosadas o que responde o tesoreiro que si que o están. O Sr. Alvarez Ossorio indica que hai contas tipo "soldos e salarios FGB", "móviles arousa" e que a lo menos hai que indicar os móviles que hai. Non hai previsión de ingresos e gastos a 31/12, o que se lle indica que a previsión de ingresos e gastos está no orzamento aprobado no ano anterior 2019 e que cando se pechen as contas 2019 (marzo 2020) se verá realmente os ingresos e gastos do 2019 así como as posibles desviacións do orzamento. Nesta documentación se remitiu os asembleístas o "cumprimento do orzamento 2019 a data 30.09.19", no día de hoxe se entrega os presentes o cumprimento do orzamento 2019 a data 30.10.19.

O Sr. Cotelo Rama indica que se van a votar uns orzamentos que non se saberá si van a cumprirse. A secretaria indícalle que o orzamento é precisamente iso unha previsión de ingresos e gastos do ano seguinte (feito en base a un histórico)

O Sr. Feijoo Pardo indica que todos os que estamos aquí (clubs) facemos o mesmo ca federación, elaborar os orzamentos con anterioridade. O que temos que votar son orzamentos presentados aquí.

O Sr Lázare Rincón pregunta si a federación está auditada e si hai algún problema coas auditorías. O vicepresidente indícalle que están auditadas e non hai ningún reparo por parte nin do auditor nin da secretaría xeral para o deporte con referencia nin as constas nin aos orzamentos.

O Vicepresidente D. Alberte Zato indícalle que o orzamento é realista basado no histórico dos anos anteriores, e de contención. O que el observa con respecto o que solicita o Sr. Alvarez Ossorio e que no orzamento no aparecen, por exemplo, os soldos e salarios de forma desglosada dos empregados de arousa, o cal non está permitido legalmente xa que no se poden citar nominalmente os ingresos dos mesmos. O Sr. Alvarez-Ossorio indica que lle da igual o que cobre cada quen, pero que por exemplo no orzamento non aparece a partida de trofeos; a secretaria indícalle que si que aparece e son 14.000 €, él indica que no que él ten non aparece, e se lle volve a repetir que está na conta "trofeos e atencións" antes "gastos varios" e despois de "selos e correos".

O Sr. Feijoo Pardo indica que o realmente importante é que no que se ven facendo ano tras ano hai algún descalabro nos orzamentos, é non é así. que squere significa que a FGB presenta un orzamento baseado nun histórico de gastos.

O vicepresidente indica que se proceda á votación do orzamento para o exercicio 2020 co seguinte resultado:

Votos a favor: 12
Votos en contra: 2. (Javier Cotelo Rama, Enrique Alvarez-Ossorio)
Abstencións: 0

Queda aprobado o orzamento para o exercicio 2019

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.05 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

## Relación de Asistentes

Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Daniel López Illán (Arbitros)
Enrique Alvarez-Ossorio Laborde (Arbitros)
F. Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogadores)
Anselmo Noya Martínez (C.B. Meco)
Jesús Lázare Rincón (C.B. Breogán)
José M. Valeiro Iglesias (C.B. Sto. Domingo Betanzos)
Julio Feijoo Pardo (C.B. Vedruna)
Miguel A. Fernández Rodríguez (Obradoiro C.A.B.)
Alfonso Sanmartín Carbón (EDM Estradense)
Alfredo Padín Núñez (ADC Dorna)
Joaquin Moreira Mira (C.B. Artai)
Lino Vázquez Sánchez (C.B. Arxil)
Rubén Engroba Cabo (CD Sagrado Corazón)

## Invitados

José M. Villamarín Couto
José L. Pérez Pérez
José M. Castelao Figueiras
Carlos Colinas Morán